

PLAN DE CONTINXENCIAS



EI DOS ÁNXELES- CURSO 2020-2021

Brión, 9 de setembro de 2020



ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO
3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL
4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 31-08-2020 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 10.5 de Organización e Documentos de Centro, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O Plan de Continxencia da EEI dos Ánxeles, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN GROMO

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de

solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

- Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiránse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
- A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:
A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través do correo electrónico dos proxenitores e da páxina web do centro. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con Abalar Móbil ou coa aplicación que a consellería nos facilite para realizar videoconferencias. Empregaranse principalmente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro.

- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro a través da empresa de limpeza dependente do Concello.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

Identificación das dificultades de conexión

O equipo Covid trasladará aos titores/as unha folla de rexistro para cotexar quen ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento. Para recoller esa información, entregaremos o primeiro día de clase unha enquisa ás familias que deberán devolver cuberta nos días seguintes.

Unha vez obtidos eses datos, darase traslado a Consellería de educación (no momento que nolo solicite) do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados

Períodos de avaliación

Para cada caso concreto de suspensión a actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica as medidas que nos determinen

Medidas durante a suspensión da actividade lectiva

O profesorado seguirá a traballar en coordinación coas outras aulas para a planificación axustada de tarefas e tempo. Realizará reunións semanais para planificar tarefas e valoración das propostas para introducir as modificacións necesarias. Realizase unha distribución do traballo entre todos/as para que non recaia todo o traballo ao titor/a. As titorías telefónicas co alumnado distribuiranse entre o profesorado que está asignado a ese nivel

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

Salientar a responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa pode participar.